A RÚA
DAS BALCONADAS

Esta obra foi estreada pola compañia Os Monicreques de Kukas no Teatro Principal de Santiago de Compostela o día 20 de abril de 1990.

Coa recepción desta lenda, na que se conta como foi tapiada a Rúa das Blaconadas porque nela foi asasinado un arcebispo durante a celebración da procesión do Corpus en vinganza por ter aldraxado a unha dama, Kukas inicia a súa Triloxía Compostelá que se continúa con *Don Gaiferos* e *Canonxo*.

A obra estructúrase en dous limiares e cinco actos que na montaxe da compañia Os Monicreques foron representados con bululús e recortables –os limiares– e as escenas con marionetas de creación propia.

A posta en escena deste espectáculo en principio foi concibida como unha maqueta dun máis grande, pero o resultado obtido deu lugar non só a un espectáculo en si mesmo, senón a unha posta en escena vistosa plasticamente e cunha exquisita manipulación dunhas marionetas duns 70 cm de alto, prototipo novo que conxugaba diferentes técnicas de manipulación que permitían a total mobilidade da cabeza en todas as direccións e o manexo por unha soa persoa, e que eran unha adaptación do modelo de variñas e fios de Francisco Peralta.

O espacio escénico estaba formado por unha mesa inscrita nunha cámara negra e na que as diferentes escenas estaban enmarcadas por uns sinxelos elementos de escenografía planos, pintados como miniaturas de códices medievais.

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

Intérpretes:

(1º equipo) ..... CARLOS CLEMENTE
KUKAS
ISABEL REY

(2º equipo) ..... LUÍSA AGUADO
KUKAS
ISABEL REY

(3º equipo) ..... MARIÁN GONZÁLEZ
NEKANE FERNÁNDEZ
ISABEL REY

Axudante dirección ..... ISABEL REY
Deseño marionetas,
vestiario e escenografía ..... KUKAS
Deseño iluminación ..... SUSO BERMEJO
Construcción marionetas .... KUKAS E SUSO BERMEJO
Realización vestiario ..... ISABEL REY
Deseño carteis ..... KUKAS
Voces galego ..... MARÍA BOUZAS
KUKAS
GUSTAVO PERNAS
VICTOR LORENZO

Voces galego ..... X. M. OLVEIRA *PICO*
ANXELA G.ABALO
ISABEL REY
CARLOS CLEMENTE
SUSO BERMEJO

Dirección: KUKAS

PERSONAXES

Xograr
Cego
Don Pedro
Fernán Pérez Churruchao
Iria
Sabela Pérez Churruchao
Don Suero Gómez de Toledo
Bufón Ferdinando
Capitán da garda
Mago oriental

LIMIAR I
A QUEIMA DA TORRE DA ROCHA

XOGRAR:

Son tempos dificiles,
¡Compostela, ai, Compostela!
As túas rúas están cheas de sangue
e corpos esquecidos que podrecen
a rente das túas rexas murallas.

CEGO:

Século XIV teimoso,
século de loitas guerreiras
onde os reis batallan
contra forzas trapalleiras.

XOGRAR:

Perde contento, Compostela,
que os burgueses e prelados en disputa están.
¡Pobre de ti se te pillan,
¡Arcebispo don Berenguel de Landoira!
¡Pobre francés, amigo do Papa!
os compostelàns non te miran
con bos ollos.

CEGO:

Fuxe, fuxe gavachiño,
e non pares de correr

que os paisanos de Compostela
quérente tamén prender.

XOGRAR:
O arcebispo vai cara á torre da Rocha,
logo polos camiños escorrega
e á vila de Noia chega

CEGO:
Os burgueses non perdoan,
alporizados, prenden a torre
¡ai, don Berenguel de Landoira,
quérente tamén a ti queimar!

XOGRAR:
O lume que todo o queima e esquece
non poderá arrincar da memoria
que ó pobo mal por ben fixeches
e con bastardos contra de El-Rei
don Pedro te puxeches.
Os composteláns son leais
á súa lexitima maxestade
que gran xustiza lles trae.

CEGO:
Por disputas de poder na vila,
os picheleiros a torre da Rocha
quérena queimar,
e se pillan a don Berenguel
tamén o queiman a el.

Arde a torre da Rocha.

LIMIAR II
AS GUERRAS FRATRICIDAS

XOGRAR:
Días espiñosos, as hostes
de El-Rei don Pedro camiñan
polos campos de Castela.
Un neboeiro de po
chega dende mais aló
das remotas montañas,
é o exército de don Henrique
de Trastámara, *O Bastardo.*

CEGO:
Garrido El-Rei don Pedro
camiña cos seus cabaleiros e soldados
a facer xustiza loitando
contra don Henrique, *O Bastardo.*

XOGRAR:
Soan tambores de guerra,
berros de encono e lealdade
mestúranse cun xordo salaio.

CEGO:
Os cabaleiros galopan rexos,
os dous exércitos achéganse,

das béstas saen setas
que asubían a morte...

XOGRAR:
A cabaleria as súas lanzas enfía
cara ó inimigo,
coma un terremoto brama o chan.

CEGO:
Os soldados enguedéllanse,
remexéndose fan soar as espadas
que baten.

XOGRAR:
Laios angustiosos cotelan o aire,
ós poucos van quedando
os campos de Castela
sementados de cadáveres
que son regados co sangue
e a dolor dos feridos...

CEGO:
Os pobos xa fican sen homes,
nais viúvas,
fillos orfos.

XOGRAR:
As leiras sen labrar,
os bosques sen cortar,
non hai oficio que teña mestre,
non hai labor con aprendiz

CEGO:
O abandono reina por todas partes,
a soidade é nai fartureita
e esposa fiel.

XOGRAR:
Un loito alleo vai cubrindo

de agonía o luscofusco.
A noite pecha é unha lousa de acibeche
que cobre os corpos mortos.

CEGO:
A noite ten un furado por onde foxen
as almas dos sacrificados.

XOGRAR:
Campo Santo sen enterrador,
camposanto, ai, camposanto,
ti que nos regalas os silencios
daqueles que non teñen máis futuro
que apegarse ós teus xeados adentros.

CEGO:
O ceo negro trae presaxios de morte
e no medio ten un furado
por onde foxen as almas
dos mortos soldados.

XOGRAR:
¡Ai, vivos que aínda o sodes,
tede coidado da Santa Compaña,
que cando se mira pasar
logo dun ano,
a vida vos ha de roubar.

Pasa a Santa Compaña.

ACTO I
O ATENTADO

Don Pedro está sentado sobre un penedo, olla cara ó horizonte, e cavila.

D. PEDRO:

¿Por que tantas mortes?
¿por que tanta desesperación?
¿por que a noite cada vez
é mais pecha?

Campos de Castela,
campos de soidade e tristura,
dicideme dende a alma
¿que mal vos fixen
que tan desérticos ficades?

¡Ai!, a nosa mente mortal,
infantil e pequena,
na idea se empeña
de tentar a gloria,
o ceo e o paraíso
nesta terra que é o camiño
a descoidados destinos
que nos fan crer sermos reis e señores
cando non somos máis ca servos
de traxedias e conspiracións.

¡Ai, vida-morte!
¿por que hei de chorar?
As bágoas de El-Rei son regos aflixidos
de humanos pesares,
son berros de recén nacido,
son alegrías de namorados,
son ausencias dos que sofren,
son angurias dos desesperados.

¡Ai!, daquel que por ser rei padece
todo o que o seu pobo sente,
¡ai!, daquel que por ser rei
sente correr polas súas veas,
como un río caudaloso,
todos os pesares da xente.

¿Ai!, quen fose servo e non rei,
para poder acougar asolagado en
sentimentos sinxelos
que polo feito de non ser nada novo
son un leito dondo de eternidades.

Vese unha bésta tras dun decorado, apuntando a El-Rei; dela sae unha seta que vai dereita ó corazón de don Pedro. Dende o fondo, coma un lóstrego, sae o Churruchao que porta un grande escudo, empuxa ó rei e ó tempo que o parapeta a seta bate no escudo.

CHURRUCHAO:

Perdoe a miña imprudencia, don Pedro.

D. PEDRO:

¿Quen é aquel
que segar a miña vida quere?

CHURRUCHAO:

Non volo sei, meu señor.

D. Pedro:
Béstas asasinas
conspiran contra El-Rei,
setas cargadas de odio
tentan matar a don Pedro.
Non haberá perdón para os traidores
Eu sentencio: «¡Morte para todos eles!»
(Dirixíndose ó Churruchao)
E ti, a quen a vida lle debo, ¿quen es?

Churruchao:
Un servo de El-Rei lexítimo.

D. Pedro:
¿E cal é a túa gracia?

Churruchao:
Fernán Pérez, un Churruchao,
que só a El-Rei don Pedro
lle debe pleitesía.

D. Pedro:
Grande é o tesouro que me regalaches:
¡a vida!
Pideme a cambio o que queiras,
terei a ben concedercho.

Churruchao:
Nada me ten que dar, meu señor

D. Pedro:
¿A metade do meu reino?

Churruchao:
Non, meu rei.

D. Pedro:
¿Un condado, un marquesado?

Churruchao:
Servir a quen por lexitimidade

me corresponde obedecer
é o mellor dos premios
que teño de recibir.

D. Pedro:
Nobre galego,
pouca recompensa queres
para tan óptimo favor
que me fixeches.

Churruchao:
Nunca servo recibiu
maior gracia cá de ser
do agrado do señor,
a quen obediencia debe.
E sendo bo vasalo,
ten co agradecemento do seu señor
a mellor das recompensas.

D. Pedro:
Dende hoxe, ordeno
que ti, Churruchao,
esteas sempre ó meu carón,
asistas a todas as xuntanzas
dos meus gobernos.
E sempre que o desexes
te poidas sentar ante min sen teres que
pedir permiso para facelo,
tanto se estamos sós,
como se está presente a miña corte,
non tendo que te descubrir ante min.

Churruchao:
Canta magnanimidade me outorga
a súa maxestade, que eu non merezo.

D. Pedro:
Eu don Pedro, rei de Castela,

así o ordeno.
E se algún dia favor precisas de min,
non repares en vir falar co teu amigo
don Pedro.
Sempre as miñas portas estarán abertas,
para ti, don Fernán.
E como ben sabes, nin como rei,
nin como home aínda xamais
faltei á miña palabra,
a cal che dou en xuramento.

ACTO II
A ALDRAXE

Unha sancristía, nela hai unha cadeira maxestosa, cirios, casulas, etcétera. O arcebispo don Suero está a ler nun códice.

D. SUERO: Sertorius vero, corporis robore atque aximi consilio parem naturae indulgentiam expertus, proscriptione Sullana dux Lusitanorum fieri coactus, cun eso oratione flecetere non posset necum Romanis universa acie confligere vellent, vafro consilio ad suam sententiam...

Petan na porta.

¡Si! ¿Quen vai?

SABELA: *(Dende fóra)* Son Sabela Pérez Churruchao.

D. SUERO: Pasa filla, pasa, que agora mesmiño te atendo.

Entra dona Sabela na compaña da súa camareira Iria.

Don Suero persígnase ó tempo que di:

D. SUERO: Per saecula saculorum, amen. *(A Sabela)* E logo, Sabeliña, ¿que novas tan urxentes te traen destas horas pola santa basílica?

SABELA: Don Suero, a confesarme veño.

D. SUERO: ¿Tan grande é o teu pecado que non podes contar a túa contrición a un sacerdote?

SABELA: Do que me teño que arrepentir, coido que só un arcebispo pode outorgarme o perdón divino.

D. SUERO: Sabela, ordena á túa criada que espere fóra, pois se grande é o pecado que tanto che remorde a conciencia, maior ten de ser o segredo de confesión.

SABELA: *(Á Iria)* Iria, agarda na igrexa, e prégalle a Deus Noso Señor misericordioso pola redención da túa señora que morre de dor.

Vaise a camareira. Don Suero senta na cadeira.

D. SUERO: Axeónllate onda min, Sabeliña. *(Facendo o sinal da cruz)* In nomine patri et fillii et spiritu sancti. ¿Cal é a culpa que tanta magnanimidade necesita de min para o perdón?

SABELA: Padre, ausencias de amor.

D. SUERO: Pero, miña nena, amar non é pecado. ¿Non será, entón, que non lle fuches fiel a aquel a quen amas?

SABELA: Ben sabe Deus Noso Señor, que aínda xamais tiven roce con outro.

D. SUERO: Pois non entendo cal é a túa culpa.

SABELA: Aí, don Suero, xa vai para tres anos que aquel que me rouba o alento de min se arredou, xa vai para tres anos que un muro de ausencias medra entre nós os dous; e non sabéndome correspondida refúxiome no silencio e a melancolía. A soidade é coma un coitelo afiado que se me espeta, pouco a pouco, na gorxa, de tal xeito que case non podo nin respirar. Chorar tampouco podo, os meus ollos secaron cos prantos de quen desespera nos primeiros intres. Aquel, aquel que me

roubou a vida, aquel a quen me entreguei enteira en corpo e alma, máis agora me castiga co esquecemento. Vai para tres anos que se foi e dende aquela non recibo novas del, e eu desespero, e nos meus adentros non fago máis que xurar, xuro contra a vida que me fai sufrir, xuro contra todo o que me rodea. O canto dos paxaros, noutro tempo tan fermoso, agora é un chifro que me estoupa nos oídos; as rosas vermellas coma o sangue da nosa paixón xa están murchas coma ese sangue callado que non quere correr polas miñas veas. Padre, xuro, cuspo sarrapios e ata maldigo a Deus, e máis dunha vez arreneguei do Noso Señor Xesús Cristo por me dar unha vida asolagada na dor e a tristura e por me conceder o sentido para me facer mais longa a miña agonía.

D. SUERO: Rapaza, debes estar posuída polo diaño. ¿Como podes renegar de tal xeito contra do noso creador?

SABELA: O desespero do meu amor que ceiba a paixón cega faime afundir na loucura ó non ser correspondida.

D. SUERO: ¿Quen é ese antollo fero que te fai vivir en mortal pecado?

SABELA: ¡Don Pedro!

D. SUERO: ¿Que don Pedro?

SABELA: El-Rei, noso señor.

D. SUERO: ¿Que dis, que insensatez matina o teu maxín?

SABELA: Eu estou leda de ser a súa amada.

D. SUERO: Pero, miña filla, non dou creto ás túas verbas. ¿Ti non sabes que don Pedro xa é casado?

SABELA: Tempo hai que o sei.

D. SUERO: ¿Como te puideches deixar enganar? Aínda que

sexa El-Rei, é un home casado e se te deixas engaiolar por el, soamente serás a súa manceba.

SABELA: Que máis me ten se é casado ou célibe se do seu amor son escrava.

D. SUERO: Así, sen máis, sen certo nin concerto vas e entrégaste ós seus encantos.

SABELA: Os seus bicos son doces e mainiños,. Cando me aperta asemella que o ceo nos cobre cun manto infindo; as súas caricias son coma un mar de agarimos que percorre o meu corpo, e mesmo parece coma se a auga do paraiso onde moran os anxos fluíse dentro de min, e cando me posúe párase o tempo no ensoño teimoso dos nosos corpos que tremen espidos, apreixados ámbolos dous nun rego de saloucos inconclusos. ¡Ai, meu don Pedro! ¿Por que con distancias me castigas?

D. SUERO: Grande é o pecado de amar, pero máis grave é o de se deixar levar por paixóns prohibidas. ¡Pobre dona Sabela!, que nin vos decatades da vosa ofensa contra Deus Noso Pai que mora no ceo e contra o seu fillo que morreu na cruz pola nosa redención. Non atino que che hei de poñer como penitencia que lave tan terrible culpa.

O arcebispo érguese do asento. Sabela implóralle.

SABELA: Polo que máis queirades, por favor axudaime.

Don Suero achégase a ela.

D. SUERO: Deixáchesme espantado, pecadora.

Sabela desata o seu pranto no regazo do arcebispo. Este acariñaa con mala idea. Sabela chora a esgallo.

D. SUERO: Mal rei é quen tenta con malas artes as almas tan sinxelas coma a desta rapariga.

SABELA: Ninguén me tentou, se cadra é que son un chisco, aloucada.

D. SUERO: Mal rei é quen ri dos seus vasalos e os engana con andrómenas

SABELA: Eu ben o quero, e polo seu querer morro.

Don Suero acariñaa libidinoso.

D. SUERO: Mal rei é quen por ter bo parecido consegue sempre o que desexa. Sen embargo eu só teño o poder dado por Deus para celestiais designios, pero pouca fartura recibín de terreais praceres.

Vírase contra Sabela. Esta fóxe.

D. SUERO: Non fuxas, lurpia, que se queres penitencia has de tela do xeito que pecaches.

SABELA: ¡A min! ¡Valédeme, don Suero virou tolo, socorrédeme que me quere aldraxar!

D. SUERO: Deixa de invocar o demo que estamos en lugar sagrado.

SABELA: ¡Pola memoria dos vosos mortos, contede as vosas ansias, don Suero, que ainda que non sexa virtuosa en andares, si o son na fidelidade ó meu amado!

Don Suero apréixaa, bótase a ela; Sabela cae no chan. Don Suero entre gargalladas e sarrapios, babexa, ponse enriba dela e violaa.

D. SUERO: Filla do diaño, ¿queres perdón? Pois sé perdoada. Filla do pecado da carne, ¿queres a absolución? Pois toma arrepentimento. Filla dos praceres mundanos, ¿certo que desexabas ser amada? *(Erguéndose)* Aquí tes trinta moedas de prata. ¡A conta xa está saldada!

ACTO III
O REENCONTRO

Na súa alcoba, Sabela mira pola fiestra, está bordando, Iria está cabo dela.

IRIA: Miña señora está triste, a súa melancolía fai máis senlleiro o sobrado. Miña Sabeliña, Caramoniña, aleda a faciana, que nos teus beizos se debuxe o sorriso que noutro tempo fixo felices a servos, cabaleiros e reis. Que a túa feitura volva a ser a luz que brille por todas partes, que os teus ademáns fagan medrar flores onde hoxe só hai espiños.

Sabela baixa a cabeza, chora cun pranto xordo.

IRIA: Miña meniña, non te aflixas, a dor e a desesperación non arraxan ren.

Sabela canta fuxidía.

SABELA: «Polo mundo vou, madre, polo mundo a camiñare en busca de Bernaldino que non o podo atopare. E se foi de terra en terra e de lugar en lugare...»

IRIA: Malpocada, ti que sofres malos agoiros que nacen da infelicidade de amar. Ai, quen fose menciñeira para volver ás túas meixelas a cor da saúde.

SABELA: «¿Quen te trouxo aquí, Sabela, quen te trouxo a este lugare? Teus amores, Bernaldino, por aquí me fan andare...»

IRIA: Canta e esquece, que a tristura das túas cantigas ainda pode facer xermolar a esperanza.

SABELA: «En canto os vira a reina ós dous os mandou matare. A ela entérrana no coro, a el entérrano no altare.»

Sabela rompe a chorar desconsoladamente.

Petan na porta.

IRIA: Caramoniña, petan na porta.

SABELA: ¿Quen será? A ninguén espero.

Volven petar.

CHURRUCHAO: *(Off)* Caramoniña, abre. Son o teu irmán Fernán que volvo da guerra.

SABELA: ¿Meu irmán? Non quero que me vexa, Iria, non abras, fai coma se non estivese na casa, ti non o coñeces.

IRIA: Pero, Sabeliña, se fun a súa ama, como non o hei de coñecer.

SABELA: De seguro que vén cambiado, xa van máis de tres anos que marchou co rei don Pedro. Se cadra deixou a barba, ou algunha cicatriz lle desfigura a faciana. Dille que estou ausente, que vas vella e non te lembras del, que volva outro día, dentro dunha semana, un mes, seis meses...

Volven petar na porta.

CHURRUCHAO: *(Off)* Caramoniña, Sabela, son o teu irmán Fernán, abre, ben sei que estás na casa.

IRIA: Tarde ou cedo, ten que saber o que pasa, síntoo, miña señora, pero canto antes o saiba, antes pasará todo.

Iria vai abrir a porta, escóitase falar fóra da escena.

CHURRUCHAO: ¿Onde está Caramoniña? Iria, ¿onde vai miña irmá Sabela?

IRIA: No seu cuarto, meu señor.

CHURRUCHAO: ¿Atópase doente?

IRIA: Non, don Fernán.

CHURRUCHAO: Vou axiña onda ela, teño moitas novas que lle contar.

IRIA: Meu señor...

Churruchao entra na alcoba, vai cara a Sabela e bícaa.

CHURRUCHAO: Ola, Caramoniña, ¿como estás?

SABELA: Un pouco descomposta.

Achégase a darlle un bico.

CHURRUCHAO: Veña, animate, que xa estou na casa para facerte feliz coma noutros tempos.

SABELA: Claro, coma antes.

CHURRUCHAO: Ai, Sabeliña, miña Caramoniña, teño tantas cousa que che contar, que non sei por cal delas comezar, ¿sabes? Certo día tentaron matar a El-Rei don Pedro.

SABELA: ¿Como?

CHURRUCHAO: Tranquila, muller, non te abafes, pois o destino quixo que alí estivese eu para lle salvar a vida. El-Rei, agradecido, deu a orde de me poder sentar diante del ante toda a súa corte, e mais concedeume a licencia de poder estar cuberto diante del. Sabeliña, alédate, ¿non felicitas ó teu irmán? Veña, dáme unha aperta, Caramoniña, aloumiñame como cando eramos cativos.

Érguea do tallo e vaille dar unha aperta, cando sorprendido di:

CHURRUCHAO: ¿Que pasa, que é isto? *(Sabela chora)* Fala, ¿como è que estas grávida? *(Sabela cala)* ¿Como te deixaches perder? Ti, Caramoniña, ti que sempre fuches admirada polo teu sentido, pola túa honra, polo teu xuízo. Dime quen foi o tarangaño que te deshonrou. ¡Xuro pola memoria dos nosos devanceiros que ha pagar cara a súa ousadía! *(Sabela chora)* Non queres abrirme o teu corazón, a min, o teu irmán máis querido. ¿Como puideches deshonrar así ós que máis te queren? *(Sabela só se laia. O Churruchao pasea pola escena)* Que baixo caiches, miña irmá, non sei que mala fada te ameigou para a nosa vergoña. ¿Calas?, deshonesta, pois de nada te valerá. Cercana está a hora en que noxentos murmurios cheguen ós meus oídos. ¡E xuro polo meu honor que habedes cumprir coa débeda vos os dous!

Entra Iria.

IRIA: Non maldiga á súa irmá, meu señor, ela nada fixo.

CHURRUCHAO: E o bastardo que leva no seu ventre, ¿iso que é?, ¿unha fantasía?

IRIA: Miña nena, fala, non tes que pagar ti polos pecados alleos.

SABELA: Cala, cala, Iria, non me confundas. Non enchas máis de estrume a porta da miña casa. Non hai mal que o tempo non enterre.

IRIA: Fala, miña nena.

CHURRUCHAO: ¿Que traxín traes entre mans? ¿Que segredos escondes no teu corazón? ¡Fala!

SABELA: Xa comezo a desvariar, estou volvéndome tola, na miña testa o martelo peta e peta, cada vez máis forte. ¡Vaime a estoupar a cabeza! ¡Calade! Tede compaixón de min, por piedade, outorgádeme a mercé de poder acougar. Teño os meus sentimentos enguedellados, os meus pensamentos escaravellan, rabuñan, esfolan, fan nacer monstros que quero esquecer axiña.

IRIA: Pois se non lle contas o acontecido ó teu irmán, serei eu quen llo diga.

CHURRUCHAO: Meu corazón está cheo de carraxe, fala, Iria; é unha orde do teu señor. ¡Fala!

IRIA: ¡Ai, meu señor! Xa vai para sete meses, daquela, cando a súa irmá non comía, non durmía, atopábase fuxidía, calaba, e só de cando en vez saloucaba... Eu faláballe, mais as miñas verbas non tiñan resposta; matinei todas as andrómenas para facer feliz á miña meniña, pero teño que confesar o meu fracaso. Non foi pouco o meu esforzo, logo chegou o día en que no seu desespero comezou a palicar, a chorar, case chegando ó desmaio de tanta aflicción. Foi entón ando me contou ausencias de amor.

CHURRUCHAO: Ausencias de quen a aldraxou.

IRIA: Non, a meniña choraba polo seu amado, o rei don Pedro.

CHURRUCHAO: Non rexoubes, Iria.

IRIA: Pola alma da miña nai que en gloria estea, xúrolle que é a verdade máis certa.

CHURRUCHAO: Non cuspas sarrapios contra El-Rei, el non puido ser, xa vai para catro anos que está por terras de Castela. Non o vou sabere eu, que estou decote ó seu carón.

IRIA: Que me perdoe o meu señor, pero ninguén culpou a don Pedro. Só digo que foi por causa del que a miña meniña estaba tristeira e por decisión miña achegouse á catedral a recibir o consolo da confesión. ¡Ai, dolor, dolor! E de pedir xustiza de Deus requiriu ó arcebispo don Suero para oficiar o sagrado sacramento. *(Sabela laiase)* Este con malas artes, ainda non rematada a confesión, coa porta pechada, e eu ausente rezando na igrexa, virouse coma un tolo e berrando xuramentos que nin o mesmo diaño sería capaz de soltar, maldixo ó tempo que ría ás gargalladas coma un faboco. Eu achegueime á porta e quixena abrir; decateime de que alí estaba a acontecer algo raro, a porta estaba atrancada, asexei polo furado da pechadura... ¡Horror! Na miña impotencia puiden ollar como o arcebispo don Suero, sen pudor ningún, nin sequera reparando que estaba en lugar sagrado, se revirou contra Sabeliña, e sen escrúpulos de ningún tipo, semellando unha besta salvaxe, á forza aldraxouna.

Sabela láiase e cae desmaiada.

ACTO IV
DON PEDRO EN COMPOSTELA

No pazo de Xelmírez, El-Rei pasea, o Bufón vai tras del cantando e bailando.

BUFÓN: «Se vés de lonxe por verme, queridiño, Deus cho pague, se ves por outra cousiña, gastas zapatos en balde.»

DON PEDRO: Deixa de enredar, Ferdinando, que me mareas.

BUFÓN: ¡Ai, aiaiai, miña neniña! «Quen me dera nun antollo do teu xeitiño gozare pero como hai inferno non me quero condenare.»

DON PEDRO: Aínda me parece que foi onte cando deberes de estado me levaron lonxe da miña amada Sabela.

BUFÓN: ¡Oh, mio cuore!

DON PEDRO: Ferdinando, a paciencia de El-Rei é moita, mais como sigas a te mofar dos seus sentimentos vaise amuar e pódete engaiolar na falcona máis esquecida do seu reino.

BUFÓN: *Il amore* é unha *cuosa maledeta*, ridícula, *et al huomo* máis sesudo faille perder a razón e convérteo nun monicrequiño lercho, parviolas, etéreo... ha, ha, ha.

DON PEDRO: Compostela, cofre que gardas os soños da miña amada.

BUFÓN: E a miña alma en amores engaiolada.

DON PEDRO: ¿Que sorpresas nos garda o destino?

BUFÓN: Unhas landras cocidas cun cacho de touciño.

DON PEDRO: Xa me tes farto coas túas falcatruadas, Ferdinando, vaite e que veña o adiviño. Desexo que mire nas estrelas o meu futuro, teño de saber cal será o día máis venturoso para apertar á miña amada. ¡Ai, Sabeliña! Por amores El-Rei está aflixido, xa é tempo de esquecer liortas e conspiracións, don Pedro tamén ten dereito a ser feliz.

Vaise o Bufón cantando.

BUFÓN: «Cuco rei, cuco rei, ¿para onde casarei? ¿Para Rabade, Forcadela, ou para Soutelos de Rei?»

DON PEDRO: Dime o corazón que sucesos estraños están a acontecer. ¿Serán para ben ou para mal? ¿Serán andainas de amor ou de odio? ¡Que máis ten! ¡Ai, miña amada! Só ante vós me axeonllo, só por vós daría a vida.

Entra o Mago.

MAGO: ¿Mandoume chamar a súa maxestade?

DON PEDRO: Pasa, pasa, oriental, preciso da túa videncia, quero que olles as estrelas, consultes a baralla, fagas a tua cábala. Dime que novas me trae o futuro, que bos augurios di do meu amor por Sabela. Axiña, descubre os segredos do Averno, cóntame todo o que me agarda no futuro.

MAGO: ¿Por que todo o mundo quere roubar os segredos do tempo? O que teña que ser será. *(Fai un sortilexio de*

maxia) «Trascamundi, trascamundi, sarandago. Deuses eternos do Universo abrideme a escuridade, e que a vosa luz me faga ver o que vai acontecer a El-Rei don Pedro. Trascamundi, Trascamundi, sarandago. Eu esconxúrovos pregándovos sexades benevolentes, outorgándome o don da clarividencia». *(Murmura sons confusos entre dentes)* ¡Ai, don Pedro!, Cupido tornou as súas frechas de amor en setas de dor. Afianse, pouco a pouco os vértices de ferro daqueles que tentan segar a vida do noso señor. Don Pedro, fiádevos dos fidalgos galegos que vos renden pleitesía... desconfiade, non deades creto a aqueles que vos gaban, as súas palabras son gadañas que feden a morte. ¡Ai, don Pedro, rei de Castela, sangue do voso sangue camiña cara a Montiel cun puñal asasino na compaña de mans traidoras.

DON PEDRO: ¡Cala, adiviño! Nós só queremos saber da nosa amada.

MAGO: A quen con ausencias vós castigastes, corvos con cheiros de sancristía aldraxaron nela o honor de El-Rei unha tarde teimosa e fría.

DON PEDRO: ¿Que queres dicir? ¡Fala claro!

Escóitanse berros fóra da escena.

CHURRUCHAO: *(Off)* Deixádeme pasar, quero ver a El-rei.

DON PEDRO: ¿Quen berra dese xeito?

Entra o capitán da garda.

CAPITÁN: Señor, un burgués compostelán chamado Fernán Pérez Churruchao quere falar con vós.

DON PEDRO: ¡O Churruchao!, dille que pase, nunca don Pedro lle pagará a débeda que ten con el. Oriental, tamén podes retirarte, xa te chamarei cando volva a precisar da túa sapiencia.

Vanse o capitán e mailo Mago oriental.

Entra O Churruchao.

CHURRUCHAO: ¡Señor!

DON PEDRO: ¿Que malas novas te traen tan abafado, amigo Fernán?

CHURRUCHAO: Veño implorarvos xustiza.

DON PEDRO: ¿Pero por que?

CHURRUCHAO: Maxestade, o honor da miña familia foi manchado. Miña irmá, Sabela, foi brutalmente aldraxada, e agora está encinta na espera dun fillo bastardo. ¡Esixo vinganza!

DON PEDRO: ¿Como dis, Sabel? Sabela...

CHURRUCHAO: Miña pobre Caramoniña, o agarimo da casa...

Don Pedro: *(Á parte)* De seguro que se trata dela, agora xa entendo o que me quería dicir con palabras confusas o oriental. *(Dirixíndose agora ó Churruchao)* ¡Xuro que non quedará sen castigo tal asoballamento! Churruchao, ¿xa sabes quen foi o mal nacido que tal ofensa fixo?

CHURRUCHAO: Foi o arcebispo don Suero.

DON PEDRO: Grave é a acusación, ¿estás certo don Fernán?

CHURRUCHAO: Teño testemuñas que nada gañan por dicir mentira.

Entra o Capitán.

CAPITÁN: ¿Pódeme conceder audiencia, maxestade?

DON PEDRO: ¿Que queres, capitán?

CAPITÁN: Acaba de chegar un mensaxeiro, trae novas urxentes.

DON PEDRO: Prosigue, don Fernán é home de confianza de El-Rei, para el non gardo segredos. ¿Cal é a mensaxe?

CAPITÁN: O Papa de Roma acaba de aliarse ó voso irmán don Henrique.

DON PEDRO: ¿Como?

CAPITÁN: Tal di o mensaxeiro.

DON PEDRO: Pois se o Papa o quere, que faga como lle apeteza, que El-Rei don Pedro non teme a ninguén sexa quen sexa. Se o Papa da Cristiandade quere guerra, guerra terá.

Niso entra o Bufón que estaba a escoitalo todo.

BUFÓN: El-Rei foi traizoado, o Papa de Roma rachou a súa tregua, xa non haberá paz no reino de Castela. ¡Tremede, paspallás! A espada do lexítimo rematará coas vosas apodrecidas teimas.

DON PEDRO: Capitán, podes retirarte.

Váise o Capitán.

DON PEDRO: Meu amigo, xa ves, o poder dos cartos fai esquecer o honor da palabra dada, e eu teño de estar seguro no meu xeito de actuar.

BUFÓN: Meu señor, vos tedes a vara da xustiza nas vosas mans.

DON PEDRO: ¿Como?

BUFÓN: ¡Axustizade ó representante de Roma máis próximo!

DON PEDRO: Ferdinando, ti velo todo moi fácil.

CHURRUCHAO: Eu reclamo a vida de don Suero, o seu insulto non pode quedar sen castigo.

DON PEDRO: ¿Como poderei xustificar tal morte?

CHURRUCHAO: Os burgueses de Compostela están rabiosos, para eles cómpre facer xustiza pola morte de Suarez de Deza.

DON PEDRO: Oín falar do caso, pero, ¿non foi o arcebispo Berenguel de Landoira quen o mandou executar?

BUFÓN: Que máis ten se foi un ou outro arcebispo, a man do verdugo cumpriu a sentencia dictada pola curia catedralicia.

DON PEDRO: Falades ben, e logo que dirán de min os vasalos, eses súbditos que nada entenden de teimas políticas. Terminarán por alcumarme *O Cruel*.

CHURRUCHAO: Vinganza para miña irmá.

BUFÓN: O pobo non sabe de politicadas. Non embargante, si sabe que as aldraxes teñen que recibir xusto e exemplar castigo. ¡Ai, don Pedro! ¿Acaso hai maior guerra perdida que cando se perde a guerra do amor? Aproveitade, poder practicar xustiza axeitadamente non acontece todos os días. ¡Ninguén vos poderá negar a razón!

DON PEDRO: Deixádeme só, ídevos, teño moito que matinar.

Vanse o Churruchao e mailo Bufón.

Don Pedro pasea, olla unha espada, cóllea e érguea cara ó ceo ameazante.

DON PEDRO: Eu maldigote, don Suero Gómez de Toledo, a ti que en nome de Deus conspiras, aldraxas e matas, e na túa ruindade calas, e calando outorgas indulxencias ós que fixeron noxentos crimes. Ti que dis oracións pregándolle a Deus que garde a aqueles que no seu nome trocan o amor en asasinatos que regan de infortunio e desconsolo o benestar das xentes humildes.

Eu maldigote, don Suero Gómez de Toledo, que pecas con premeditación porque cres ser o elixido, porque pensas que estás posuído do perdón divino sen importar a gravidade das túas culpas. Tanto ofendiches a El-Rei, tal foi a túa ousadía, que non reparaches en arruinar a vida daquela a quen amaba, polo único pracer de castigar o meu pecado como home. De min mófaste, ti, monifate sen vontade, ti, asoballador de malcontreitos, ti, sarrapio beatificado, ti, serpe teimuda, ti, diaño que non reparas en converter un lugar sacrosanto no inferno. Don Suero Gómez de Toledo, a xustiza do ceo está na man de Deus, Noso Pai e señor, pero nestas terras correspóndeme repartila a min, El-Rei. E polo poder que recibín pola gracia de Deus e por designio do destino, sentencio que tes de pagar as túas falcatruadas coa pena capital. ¡Execútese a condena! Don Suero Gómez de Toledo. ¡A sentencia está botada!

El-Rei espeta a espada no chan.

ACTO V
A PROCESIÓN DO CORPUS

A silueta de El-Rei don Pedro perfílase nunha das balconadas. O Churuchao asexa tras dos soportais. Un silencio sacrosanto fai xeada a escena. O Churruchao vai cara á espada, cóllea e vaise con ela da escena.

Óense as chirimías ó son do Pange lingua*: A procesión do Corpus achégase pola beira de atrás da escena. Don Suero vai cerimoniosamente baixo palio e leva unha grande custodia nas mans.*

Ó paso da procesión, coma un lóstrego, o Churruchao aparece e vírase contra o arcebispo e dunha tallada córtalle a cabeza, que vai polo ar paralelamente coa custodia, caendo ó chan ó tempo que unha luz encarnada cobre o fondo deixando silueteada a procesión.

Nesas escóitase o pranto dun recén nacido. O Xograr e mailo Cego van tapiando a boca da escena mentres cantan:

Pretiño da Rúa Nova,
na rúa das Balconadas
matarón ó arcebispo
por culpa dunha madama.

PANO

ÍNDICE

Prólogo de Isabel Rei 7
Unha noite no pórtico do Paraíso 9
A culpa foi de Mozart 63
A rúa das Balconadas 89

Os libros do CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
últimos títulos

13. Roberto Vidal Bolaño
Saxo tenor

14. Andres A. Vila, Xosé Cid Cabido
Copenhague

15. Miguel-Anxo Murado
A grande noite de Fiz

16. Cándido Pazó
Raíñas de Pedra

17. Manuel Riveiro Loureiro
O prazo

18. Caron de Beaumarchais
As vodas de Fígaro

19. Goldoni-Ollomoltranvia
Commedia

20. Raúl Dans
Lugar

21. Antón Villar Ponte
A festa da malla

22. William Shakespeare
As alegres casadas

23. Suso de Toro
Unha rosa é unha rosa

24. Roberto Vidal Bolaño
A ópera de a patacón

25. Seamus Heaney
A cura de Troia

26. Eugène Ionesco
Macbett

27. William Shakespeare
Rei Lear

28. Harold Pinter
Vellos tempos
Festa de aniversario

29. Raúl Dans
Extrema
Derrota

30. Gustavo Pernas Cora
Comedias paranoicas
Ladraremos
Fábula
Anatomía dun hipocondríaco

31. Marcelino de Santiago *Kukas*
Unha noite no pórtico do Paraíso
A culpa foi de Mozart
A rúa das Balconadas